

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 20.09.2019 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 20 de setembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 52748 (10/POC-008192)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 6 máis
Sobre a situación en que se atopa o procedemento de recoñecemento da Universidad Internacional de la Empresa iniciado polo Padroado de Afundación no ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 515, do 01.08.2019
- 1.2 54493 (10/POC-008608)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a dispoñibilidade da autorización e documentación necesaria pola empresa promotora das obras que se están a levar a cabo na serra de Oribio, no Courel, e a verificación pola Xunta de Galicia dos posibles danos ocasionados pola maquinaria no patrimonio cultural, así como as medidas adoptadas ou previstas ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 524, do 04.09.2019
- 1.3 55148 (10/POC-008691)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a opinión e as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego respecto da imposibilidade de presentar, na convocatoria do Certame Arquímedes, traballos de investigación en lingua galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 529, do 12.09.2019

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 41894 (10/PNC-003414)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa solicitude á entidade Unión Fenosa (UDF) para a relocalización e proposición dun novo emprazamento do transformador eléctrico situado no

CEIP de Barcelos, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 405, do 03.01.2019

- 2.2 44992 (10/PNC-003620)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para a elaboración
dun plan de fomento do libro e a lectura, con especial atención ao impulso
do galego como lingua de lectura
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 427, do 06.02.2019
- 2.3 50133 (10/PNC-004060)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre o fortalecemento dos sistemas de control do Goberno galego para
garantir a preservación do patrimonio arqueolóxico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 481, do 29.05.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidenta

Teresa Egerique Mosquera

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

GCE

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Encarnación Amigo Díaz

P

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

Carlos Gómez Salgado

P

María Isabel Novo Fariña

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Sandra Vázquez Domínguez

P

Paula Vázquez Verao

M

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 20.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 20.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 52748(10/POC-008192)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 6 máis

Sobre a situación en que se atopa o procedemento de recoñecemento da Universidad Internacional de la Empresa iniciado polo Padroado de Afundación no ano 2018

Publicación da iniciativa, 515, 01.08.2019

A Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mourinho Villar e Encarna Amigo Díaz deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia establece na sección primeira do capítulo II os requisitos e o procedemento para o recoñecemento dunha universidade privada na nosa Comunidade Autónoma.

Despois de cinco anos de vixencia desta Lei, preséntase a primeira petición para abrir un centro destas características solicitado polo Padroado de Afundación, cuxa intención é que se recoñeza a *Universidad Internacional de la Empresa*.

Esta solicitude, formulada ante a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional está sendo estudada e tramitada pola Secretaría Xeral de Universidades, quen comunicou ás tres Universidades galegas, no seno do Consello Galego de Universidades, esta petición.

Esta iniciativa, de saír adiante, deberá cumprir uns requisitos e ser un proxecto compatible co actual sistema universitario galego. Introducirá algúns cambios, xa que, previsiblemente, mudará a relación entre a Universidade de Vigo e a coñecida Escola de Negocios de Afundación.

Por todo o exposto, os deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

En que situación se atopa o procedemento de recoñecemento da Universidad Internacional de la Empresa (UIE) iniciado polo padroado de Afundación en 2018?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 17/07/2019 13:33:40

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 17/07/2019 13:52:02
Nº Rexistro: 52748
Data envío: 17/07/2019 13:52:02.384

Maria Antón Vilasánchez na data 17/07/2019 13:33:59

Teresa Egerique Mosquera na data 17/07/2019 13:34:14

Carlos Gómez Salgado na data 17/07/2019 13:34:30

María Isabel Novo Fariña na data 17/07/2019 13:34:44

Antonio Mouriño Villar na data 17/07/2019 13:34:54

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/07/2019 13:35:10



CSV, REGISTRO PLENARIO
Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 20.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 54493(10/POC-008608)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a dispoñibilidade da autorización e documentación necesaria pola empresa promotora das obras que se están a levar a cabo na serra de Oribio, no Courel, e a verificación pola Xunta de Galicia dos posibles danos ocasionados pola maquinaria no patrimonio cultural, así como as medidas adoptadas ou previstas ao respecto

Publicación da iniciativa, 524, 04.09.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2019 13:49:15
Nº Rexistro: 54493
Data envío: 29/08/2019 13:49:15.534

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre as obras desenvolvidas na Serra de Oribio (O Courel) e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

A Asociación para a defensa ecolóxica de Galiza (Adega) e a Sociedade Galega de Ornitoloxía (SGO) denunciaron publicamente e tamén diante do SEPRONA, a Consellaría de Economía e Industria e a Consellaría de Cultura, as obras que se están a desenvolver na Serra de Oribio (O Courel). As obras están a danar e pór en risco bens patrimoniais, algúns catalogados, como o Camiño Real –que outrora conectou Vilafranca con Monforte-- a mámoa de Fial ou as Ventas da Braña, do Retorno ou o Portazgo do Oribio (antigo lugar de dereito de paso).

De acordo coa información proporcionada por ambas as dúas entidades, as obras poderían facer parte do proxecto de construción dun parque eólico pola empresa Fergo Galicia Vento S.L. Porén, a entidade non contaría coas autorizacións pertinentes ao ter solicitado unha modificación no proxecto inicial aínda non resolta pola Consellaría de Industria.

Para o Grupo parlamentario do BNG sería gravísimo que a Xunta de Galiza, sendo coñecedora destes feitos non tivese actuado para protexer o patrimonio cultural galego. No entanto, máis grave sería que unha empresa estivese a traballar de maneira ilegal, sen autorización e cunha Declaración de Impacto ambiental caduca sobre un espazo

CSM-REXISTRO20190829V0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2019 13:49:15
Nº Registro: 54493
Data envío: 29/08/2019 13:49:15.534

natural protexido como zona de conservación da ZEC Ancares-Courel, Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) e, por tanto, zona de Rede natura 2000.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- As obras denunciadas por Adegas e SGO na Serra de Oribio correspóndense co proxecto de construción dun parque eólico?

- De ser así, conta a empresa promotora con todas as autorizacións e documentación para levar a cabo os traballos?

- Conta coa debida Declaración de Impacto ambiental e con autorización da Dirección Xeral de Patrimonio?

- Ten verificado a Xunta de Galiza os danos que tería causado a maquinaria sobre o patrimonio cultural, nomeadamente o Camiño Real, a mámoa de Fial ou as Ventas da Braña, do Retorno ou o Portazgo de Oribio?

- En que estado se atopan e que medidas ten adoptado ou pensa adoptar para a súa protección da Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2019 13:49:15
Nº Registro: 54493

Data envío: 29/08/2019 13:49:15.534

Luis Bará Torres
Noa Presas Bergantiños
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/06/2019 18:44:54

Xosé Luis Bará Torres na data 17/06/2019 18:45:03

María Montserrat Prado Cores na data 17/06/2019 18:45:10

Noa Presas Bergantiños na data 17/06/2019 18:45:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/06/2019 18:45:26

Ana Pontón Mondelo na data 17/06/2019 18:45:34

CSX: FEXYSTFR02I9k9D6V0
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 20.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 55148(10/POC-008691)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a opinión e as medidas adoptadas ou previstas polo
Goberno galego respecto da imposibilidade de presentar, na
convocatoria do Certame Arquímedes, traballos de
investigación en lingua galega

Publicación da iniciativa, 529, 12.09.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55148
Data envío: 05/09/2019 14:00:30.354

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a vulneración dos dereitos lingüísticos das galegas e galegos no Certame Arquímedes convocado polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades e as medidas que debe adoptar ao respecto a Xunta de Galiza.

O Goberno español convoca anualmente o Certame Universitario Arquímedes que vai xa pola súa XVIII edición. Trátase dunha convocatoria dirixida a “fomentar a investigación científica entre os estudantes universitarios premiando os mellores traballos de investigación en todas as áreas de coñecemento levados a cabo polo alumnado de grao e mestrado das universidades do estado, segundo explica o propio Ministerio.

Nas bases e instrucións que regulan o certame sinálase que as persoas solicitantes deberán aportar entre os documentos, segundo os modelos que pon á súa disposición o Goberno español, entre outros:

1. *Un traballo original de investigación que se resumirá en un artigo científico y que deberá ajustarse a los formatos y límites establecidos en las instrucciones que aparecerán publicadas en esta página Web. El trabajo de investigación debe estar redactado en castellano.*

CSM-REXISTRO:FOI020905m9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55148
Data envío: 05/09/2019 14:00:30.354

Esta obriga, que exclúe de facto calquera traballo de investigación realizado nunha lingua oficial que non sexa o castelán, non é nova e atópase en convocatorias anteriores.

O Goberno español vulnera desta maneira os dereitos lingüísticos do estudantado universitario galego que ten dereito en calquera das universidades do SUG, a realizar e defender os seus traballos e estudos na lingua propia do país.

Alén diso, esta discriminación lingüística supón unha pexa, barreira e mesmo un elemento contrario, no proceso de normalización da lingua galega no ámbito universitario quer pola obriga de asumir un duplo esforzo ao alumnado galegofalante exixindo a tradución da súa investigación para poder concorrer ao certame, quer por impedirle presentar o seu traballo en galego á convocatoria.

Cómpre lembrar que o galego é a lingua propia de Galiza como así recolle o Estatuto de Autonomía de 1981 e que o Estado español subscribiu, entre outros acordos internacionais, a Carta europea de linguas minorizadas que recolle a obriga por parte do Goberno español de facilitar e/ou estimular o uso oral e escrito das linguas rexionais ou minoritarias na vida pública e na vida privada (artigo 7. d) así como a eliminar toda distinción, exclusión, restrición ou preferencia inxustificadas sobre a práctica dunha lingua rexional ou minoritaria e tendo como obxectivo desestimular ou pór en risco o mantemento ou desenvolvemento da mesma (artigo 7.2)

O Goberno galego non pode ficar impasíbel perante esta cuestión e debe, porque así lle corresponde, defender os dereitos lingüísticos das galegas e galegos diante, neste caso, do Goberno español como de calquera institución ou entidade que os vulnere.

CSV REXISTRO: 0502e8e6m19
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55148
Data envío: 05/09/2019 14:00:30.354

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que opinión lle merece á Xunta de Galiza que se impida concorrer ao Certame Arquímedes con proxectos de investigación en lingua galega?
- Cre que vulnera os dereitos lingüísticos das galegas e galegos?
- Que medidas ten adoptado ou pensa adoptar a Xunta de Galiza para defender os dereitos lingüísticos das galegas e galegos?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 05/09/2019 13:56:55

CSX4_RFXJSTFR0bzeheEmi9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55148
Data envío: 05/09/2019 14:00:30.354

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2019 13:57:02

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2019 13:57:07

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2019 13:57:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/09/2019 13:57:20

Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2019 13:57:27

CSV XESTROBEHEMIO
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 20.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 20.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 41894(10/PNC-003414)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa solicitude á entidade Unión Fenosa (UDF) para a relocalización e proposición dun novo emprazamento do transformador eléctrico situado no CEIP de Barcelos, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, 405, 03.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2018 16:34:43
Nº Rexistro: 41894
Data envío: 19/12/2018 16:34:43.023

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Abel Losada Álvarez, Luís Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

En Pontevedra, no CEIP da Praza de Barcelos, hai un transformador eléctrico que supostamente fora revisado hai 3 meses. Leva anos aí (dende os anos 80), os mesmos que os pais levan pedindo que se saque (a Consellería de Educación ten recibido da ANPA varias peticións de retirada). O transformador dá servizo ao colexio, pero tamén ao aparcadoiro, aos comercios e ás vivendas que están na zona, en total, 208 clientes.

A ninguén se lle escapa que un transformador de tensión nun colexio é un perigo. O martes pasado, cando ían ser as 2 da tarde, comezou a cheirar a queimado, polo que os mestres decidiron sacar aos nenos á praza; 10 minutos despois, rexistrouse un incendio nesta instalación, un cortocircuíto na rede de baixa tensión. Quedaron sen luz a praza de Barcelos, os comercios de toda a mazá e medio colexio. Iso si, o enxeñeiro que compareceu por Fenosa (agora UFD) dixo que non había perigo e que o ían arranxar. “Existe vontade de ambas partes de retranquear o transformador”, “O que sucedeu o martes foi un incidente sen gravidade e o transformador é completamente seguro, está perfectamente controlado e cumpre con todos os requisitos de seguridade” (non hai ningún criterio técnico ou de seguridade que obrigue a retiralo da súa situación actual), “Tería que asumir o custe da obra o solicitante”.

É dicir, concello ou consellería deberían pagar, segundo UDF, debendo facer primeiro unha solicitude formal de reubicación e proposición de novo emprazamento, sendo os técnicos os responsables de analizar a solución a adoptar. Logo de estudar o cambio de situación e elaborar o proxecto técnico para retiralo, será a Consellería de Industria a que dea a autorización pertinente para a execución da obra, pois foi a consellería a que autorizou a alta deste transformador no seu día.

CSM-REXISTRO-250x91qm4-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2018 16:34:43
Nº Rexistro: 41894
Data envío: 19/12/2018 16:34:43.023

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar á entidade Unión Fenosa (UDF) a reubicación e proposición de novo emprazamento con relación ao transformador eléctrico sito no CEIP de Barcelos, en Pontevedra, de maneira que, como moi tarde, sexa retirado do centro escolar antes do remate do presente curso escolar.

Pazo do Parlamento, 19 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Abel Losada Álvarez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/12/2018 16:31:48

María Luisa Pierres López na data 19/12/2018 16:31:54

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/12/2018 16:31:58

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/12/2018 16:32:04

María de la Concepción Burgo López na data 19/12/2018 16:32:10

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/12/2018 16:32:15

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 20.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 44992(10/PNC-003620)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para a elaboración dun plan de fomento do libro e a lectura, con especial atención ao impulso do galego como lingua de lectura

Publicación da iniciativa, 427, 06.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 44992
Data envío: 30/01/2019 19:07:28.709

Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O último “Barómetro de hábitos de lectura y compra de libros 2018”, elaborado pola Federación de Gremios de Editores de España, reflicte unha realidade preocupante nos hábitos de lectura dos galegos e galegas.

O Barómetro segue demostrando que Galicia está por debaixo da media estatal en todas as realidades medibles en torno ao libro. Así non chega a media estatal no porcentaxe de lectores de libros en tempo libre (61,8 % media estatal 59,6 % en Galicia), situándose entre as últimas comunidades autónomas, de feito Galicia está a mais de 10 puntos da comunidade con maior índice de lectores. O meso sucede no porcentaxe de persoas que compararon libros no último ano, onde tamén estamos por debaixo da media española (50 % fronte a 48,5 %)

Hai outros datos moi preocupantes como é a valoración das bibliotecas xa que Galicia se sitúa no penúltimo lugar de todas as autonomías, resultado da política de recortes orzamentarios e a inexistencia de accións positivas realizados por este Goberno en torno as bibliotecas.

Pero hai outro dato francamente preocupante neste barómetro. Tan só o 4 % dos enquisados en Galicia manifestan que o seu idioma preferido de lectura é o galego, fronte ao catalán nun 34,9 % e incluso un 5,4 % en euskera. e se medimos o uso do noso idioma entre todos os enquisados, o galego é lido polo 3,5 % e por riba esta taxa vai diminuíndo porque en 2010 este dato era do 4,4 %. De novo atopámonos ca realidade do descenso do uso do galego tanto falado como escrito e tamén lido.

A Asociación Galega de Editoras xa manifestou a súa preocupación polos datos do Barómetro de 2018 e pediu políticas efectivas que podan cambiar esta situación.

CSM-REXISTRO-XDL-PCOM-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 09:30:00
Nº Registro: 44992
Data envío: 30/01/2019 19:07:28.709

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a cumprir a Lei 17/2006, de 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia e elaborar, en colaboración con todos os axentes do libro, un plan de fomento do libro e a lectura, con especial incidencia no impulso do galego como idioma de lectura. Este Plan terá dotación orzamentaria suficiente e un cronograma de actuacións e presentarse antes da súa aprobación na Comisión de Educación e Cultura e posteriormente darase conta anualmente dos resultados acaídos.”

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 30/01/2019 19:02:43

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/01/2019 19:02:59

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/01/2019 19:03:07



CSV REGISTRO-HELL-qPCOM-4

Verificación
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 20.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 50133(10/PNC-004060)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre o fortalecemento dos sistemas de control do Goberno galego para garantir a preservación do patrimonio arqueolóxico

Publicación da iniciativa, 481, 29.05.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2019 17:35:38
Nº Rexistro: 50133
Data envío: 23/05/2019 17:35:38.337



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia non só non é quen de protexer o noso patrimonio cultural, senón que, ademais, é a responsable activa dalgúns importantes prexuízos.

No mes de febreiro, o colectivo Patrimonio dos Ancares denunciou os danos que sufriran nove mámoas que se atopan entre o Alto do Restelo e Louxas. Meses antes, en agosto, o mesmo colectivo xa advertira dos prexuízos causado a unha necrópole megalítica da zona de A Gándara de Espiñeira, na parroquia de Narla. En ambos casos, os danos foran causados pola actividade descontrolada de maquinaria pesada.

Algo semellante volveu acontecer recentemente, co agravante da participación do Goberno galego. A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (Adega) e Mariña Patrimonio (MP) veñen de denunciar ante o Servizo de Protección da Natureza (Seprona) á Xunta de Galicia por danar un petróglifo de Chao de Sinás, na Serra do Xistral. A Xunta de Galicia danou o petróglifo ao queimar unha zona arqueolóxica, catalogada e, presuntamente, protexida polo Goberno, para desfacerse do mato.

Segundo afirman as asociacións denunciante, nin “o paso dun tractor con desbrozadora de cadeas para controlar o lume” nin a queima contaban “coa preceptiva autorización da Consellería”. Dito doutro xeito, o Goberno galego

CSM-REXISTRO:05KCV10TSA6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2019 17:35:38
Nº Rexistro: 50133
Data envío: 23/05/2019 17:35:38.337



vulnerou os seus propios mecanismos de control e seguridade, provocando un dano tremendo que puido ser evitado.

Que a Xunta de Núñez Feijóo non sexa quen de protexer os bens patrimoniais que se atopan na natureza, tal e como demostran os casos citados, é dunha inmensa gravidade; pero é aínda máis preocupante que sexa o propio Goberno o que, por desleixo, dane o noso patrimonio.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a fortalecer os sistemas de control do Goberno galego para garantir que ninguén, nin sequera o propio Goberno, os vulnera co obxecto de satisfacer os seus propios intereses.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/05/2019 17:31:58

CSV REXISTRO XERAL ENTRADA
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2019 17:35:38
Nº Rexistro: 50133
Data envío: 23/05/2019 17:35:38.337



Luca Chao Pérez na data 23/05/2019 17:32:18

Luis Villares Naveira na data 23/05/2019 17:32:35

CSX4_RFXUSTROYKcKv0TS46
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

